

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15004964	CEIP Plurilingüe Concepción Arenal	A Coruña	2023/2024

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	4
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	4
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	5
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	6
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	6
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	6
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	7
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	7
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	8
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	10
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	10
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	10
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	11
o) Outros apartados	11

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

As programacións didácticas e as Programacións de actividades e tarefas recollerán a adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro.

Para tal fin, tómase como referencia a Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de Educación.

Para a Etapa de Educación Infantil, os obxectivos que dende o CEIP Plurinlingüe Concepción Arenal se perseguen toman como referencia o Real Decreto 95/2022, do 1 de febreiro, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Infantil e o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
- e) Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.
- h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.
- i) Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Tomando como referencia os obxectivos de etapa anteriormente recollidos, tamén se desenvolverán os obxectivos de área que constitúen un elemento de conexión entre as competencias clave e os criterios de avaliación e os contidos das áreas que se recollen no Decreto

150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a etapa de Educación Primaria, tómase como referencia o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia a educación, contribuíndo a que o alumnado desenvolva capacidades que lle permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais con que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.
- e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Adquirir, polo menos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.
- i) Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, utilizando un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.

- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- n) Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- ñ) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

As programacións recollerán a contribución de forma porcentual a cada competencia. As prioridades competenciais, recollidas tanto no DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia como no Decreto 155/2022, de 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia a acadar son as seguintes:

- Competencia Comunicativo Lingüística: persegue interactuar de forma oral, escrita, signada ou multimodal de maneira coherente e adecuada en diferentes ámbitos e contextos e con diferentes propósitos comunicativos.
- Competencia plurilíngüe: implica utilizar distintas linguas, orais ou signadas, de forma apropiada e eficaz, para a aprendizaxe e a comunicación.
- Competencia matemática e competencia básica en ciencia, tecnoloxía e enxenería: permite desenvolver e aplicar a perspectiva e o razoamento matemáticos co fin de resolver diversos problemas en diferentes contextos.
- Competencia dixital: implica o uso seguro, saudable, sustentable, crítico e responsable das tecnoloxías dixitais para a aprendizaxe, para o traballo e para a participación na sociedade, así como a interacción con estas.
- Competencia persoal, social, e de aprende a aprender: supón xestionar e controlar as propias capacidades e coñecementos desde un sentimento de autonomía persoal.
- Competencia cidadá: contribúe a que poidan exercer unha cidadanía responsable e participar plenamente na vida social e cívica.
- Competencia emprendedora: implica desenvolver un enfoque vital dirixido a actuar sobre oportunidades e ideas, utilizando os coñecementos específicos necesarios para xerar resultados de valor para outras persoas.
- Competencia en conciencia e expresións culturais: supón adquirir un coñecemento básico das manifestacións culturais e artísticas fundamentais e adoptar unha actitude respectuosa e crítica.

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

Na etapa de educación Infantil e tomando como referencia o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, atenderase progresivamente ao desenvolvemento afectivo, á xestión emocional, ao movemento e aos hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e da linguaxe, e ás pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento da contorna, dos seres vivos que nela conviven e das características físicas e sociais do medio en que viven. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista. Tamén se incluírá a educación en valores, a educación para o consumo responsable e sustentable, e a promoción e a educación para a saúde que fomente uns hábitos saudables.

Ademais, favorecerase que o alumnado adquiren autonomía persoal e elaboren unha imaxe de si mesmos positiva, equilibrada, igualitaria e libre de estereotipos discriminatorios, incluíndo o coñecemento da diversidade familiar existente.

Na educación primaria, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das áreas da etapa, a comprensión da lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento traballaranse en todas as áreas. De igual modo, desde todas as áreas promoverase a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual. Así mesmo, prestarase especial atención á orientación educativa, á acción tutorial e á educación emocional e en valores.

A incorporación dos temas transversais, terase en conta o disposto na Programación Xeral Anual do centro así como a Orde de calendario anual na que se establecen as conmemoracións que os centros poden traballar. Polo tanto, será fundamental a colaboración entre as distintas dinamizacións e equipos do centro educativo.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

A metodoloxía adaptarase ás características do alumnado, favorecerá a capacidade para aprender en por si e para traballar en equipo, e iniciará ao alumnado no coñecemento da realidade. Compartimos e facemos nosos a consecución dos principios de ensinar a pensar e aprender a aprender. Isto implica que en cada área deben exercitarse unhas técnicas de estudo adecuadas á adquisición de aprendizaxes de forma autónoma.

As aprendizaxes deben partir do nivel de desenvolvemento do alumno. Do mesmo xeito, debe ser significativo e partir de coñecementos previos, motivadores e estruturados. Isto require unha actividade importante do alumnado para establecer relacións entre o novo contido e os contidos previos, que debe ser guiada polo profesorado de forma eficaz e distinta segundo as características da materia.

Destacamos a necesidade de fomentar o desenvolvemento do esforzo e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar certas decisións e asumir responsabilidades.

Tamén é relevante ter presente a individualización da ensinanza de xeito que favoreza a motivación e o interese pola aprendizaxe.

Prestarase atención especial á adquisición e o desenvolvemento das competencias, entendidas como a capacidade de resposta a situacións persoais ou demandas sociais. A metodoloxía debe favorecer o esforzo persoal, e potenciar a capacidade do alumnado por superarse a si mesmo.

A práctica docente debe potenciar o desenvolvemento das intelixencias múltiples e as competencias básicas do alumnado mediante a adopción de distintos ritmos e estilos de aprendizaxe. Isto supón aplicar os principios da aprendizaxe cooperativa, recoñecer o autocoñecemento e o coñecemento dos demais, estimular a creatividade e a intelixencia diversa, interactiva, dinámica e distintiva, e incorporar na metodoloxía a avaliación mediante as novas tecnoloxías.

De forma máis particular, na etapa de Educación Infantil, dita práctica basearase en experiencias de aprendizaxe significativas e emocionalmente positivas, e na experimentación e o xogo. Nese sentido, as áreas deben entenderse como ámbitos de experiencia intrinsecamente relacionados entre si, polo que se requirirá unha formulación educativa que promova a configuración de propostas globalizadas de aprendizaxe, estimulantes e que teñan interese e significado para as nenas e os nenos. Seguiranse as directrices metodolóxicas que o DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia recolle para cada unha das áreas desta etapa.

Desde o CEIP Plurilingüe Concepción Arenal, fomentarase o desenvolvemento de todas as linguaxes e os modos de percepción específicos destas idades para desenvolver o conxunto das súas potencialidades. Da mesma forma, poderase favorecer unha primeira aproximación á lectura e á escritura, así como experiencias de iniciación temperá en habilidades numéricas básicas, nas tecnoloxías da información e da comunicación, na expresión visual e música. Tamén será importante destacar que se fomentará unha primeira aproximación á lingua estranxeira (Inglés) cunha sesión completa a semana por nivel.

Para a etapa de Educación Primaria, a metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido, prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real. Así mesmo, a acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terá en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe, favorecerá a capacidade de aprender por si mesmo, fomentará o traballo colaborativo e en equipo e potenciará a aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión. Da mesma forma que para Educación Infantil, na etapa de educación primaria seguiranse as orientacións metodolóxicas que para cada área recolle o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Por outro lado, nesta etapa a lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave, é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Deste modo, o Plan de lectura do centro, recolle, dentro da PXA, as actuacións que fomenta o hábito e dominio da lectura.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

A selección de materiais e recursos didácticos atópase centralizada principalmente nos diferentes niveis. Procúrase atender aos criterios de cantidade, calidade e simplicidade da información que neles recóllese tendo en conta o destinatario final dos mesmos e as súas idades.

Ademais préstase especial atención aos contidos, as capacidades que promoven, as competencias que se poñen en acción coa lectura e realización das actividades, a posibilidade de seguir investigando grazas á complementación de información ou fontes de referencia que brinda, ademais da atención á diversidade a través dunha ampla batería de actividades.

Entre os recursos didácticos, destacan os libros de texto que se empregan en educación primaria e que deberán cubrir os obxectivos do currículo cunha selección de contidos axustados aos obxectivos e adecuados ao nivel de desenvolvemento psicoevolutivo do alumnado. Será conveniente que contén con materiais complementarios que facilitan o desenvolvemento do proceso docente e presentan actividades de reforzo e de ampliación.

Por outro lado, podemos contar con outros materiais e recursos impresos que parten dos coñecementos previos do alumnado e aseguren a realización de aprendizaxes significativas, esperten a motivación cara ao estudo e permitan a atención á diversidade. Por outro lado, todas as aulas contan con ordenador e EDI/Panel dixital que perseguen e contribúen a consecución das competencias dixital. A biblioteca de aula constitúe tamén un recurso apto para o fomento e dominio da lectura.

En Educación Infantil destácase a distribución das aulas por recunchos e a disposición de recursos adaptados para abordar a cosecución das competencias da etapa. O xogo e os recursos para tal fin tamén supoñen recursos clave que as aulas presentan para desenvolver esas competencias.

En calquera caso, á hora de elixir os materiais dirixidos ao alumnado tamén deben terse en conta estes criterios:

- Que non sexan discriminatorios.
- Que permitan un uso comunitario dos mesmos.
- Que non degraden o medio ambiente.
- Empregar materiais de baixo custo para crear hábitos de aforro.
- Que sexan apropiados ao alumnado que van dirixidos.
- Resistente e duradeiro.
- Atractivos e atraentes.
- Favorecedores do desenvolvemento das capacidades das distintas áreas.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

Non procede nas etapas de educación infantil e educación primaria.

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

O deseño das actividades complementarias faise a principios de curso coa proposta inicial tendo en conta unha distribución homoxénea das mesmas ao longo dos tres trimestres.

As diferentes actividades a desenvolver recolleranse no Plan de actividades complementarias e extraescolares e a súa posta en marcha levarase a cabo de forma coordinada polo Equipo de AACCEE e os equipos de ciclo de EI e EP de xeito que a Xefatura de estudos sexa coñecedor das mesmas para favorecer a reorganización dos horarios do modo máis axeitado para o funcionamento do centro, tendo en conta os recursos materiais e persoais dispoñible e precisos. As actividades e a súa temporalización estará exposta na sala de profesorado para que se poda supervisar e ter presente nas respectivas programacións.

En educación primaria cada grupo de alumnos irá acompañado preferentemente polo correspondente titor e algún docente de apoio cando as actividades complementarias teñan lugar fóra do centro, ademais de poder contar coa asistencia do persoal auxiliar coidador/a cando as necesidades do alumnado o fagan preciso.

As familias estarán informadas das diferentes actividades complementarias que se van a levar a cabo e asinarán unha autorización para todas as actividades programadas.

Procurarase que a meirande parte das actividades non teñan un custo para as familias salvo a de transporte, tendo en conta que ante a posible precaria situación económica dalgunhas familias non sexa impedimento para que o alumnado vulnerable deixe de acudir a algunha actividade por dito motivo.

Ademáis de todos estos criterios de carácter xeral, teremos en conta:

- Foméntaranse saídas que favorezan o uso da lingua galega e a recuperación da nosa cultura e tradicións.
- Procurarase que todo o alumnado vivencie unha actividade relacionada coa música ou o teatro, unha visita a un museo e unha actividade deportiva durante o curso.
- Coordinaranse as saídas dos diferentes cursos para que o alumnado non repitan saídas escolares ao longo da etapa.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

Este programa está dirixido ao alumnado de educación primaria que se atope nalgunha das situacións seguintes:

- a) O alumnado que aínda promocionando de curso, non superou algunha das áreas ou materias instrumentais do curso anterior.
- b) Aquel alumnado nos que se detecten, en calquera momento do ciclo ou do curso, dificultades nas áreas ou materias instrumentais.

Os criterios que se seguirán para a selección do alumnado son:

- Ter un grao de desenvolvemento de competencias básicas que non se encontre acorde co seu grupo de idade.
- Presentar dificultades de aprendizaxe nas áreas instrumentais e estímese que, coa axuda dun programa de intervención específico, poidan superalas. As devanditas dificultades conducen con frecuencia ao abandono da tarefa, de forma que o fracaso poida ser atribuído á falta de esforzo antes que á falta de capacidade.
- Alumnado que presente desmotivación e ausencia de estratexias de aprendizaxe axeitadas.
- Ser alumnado con dificultades de aprendizaxe cuxas familias non poden prestarlle apoio abondo na actividade escolar.
- Ser alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo ou en situación de desvantaxe social que presenten as dificultades anteriormente citadas.

Os/as profesionais implicados no desenvolvemento do Plan son os titores/as, profesores/as con horario dispoñible para realizar apoios, o equipo directivo e o/a orientador/a do centro.

Os titores/as desenvolverán tarefas de selección de alumnado e observación dentro da aula co obxecto de identificar as necesidades educativas dos alumnos/as, orientación con relación ás adaptacións metodolóxicas e organizativas da aula, así como de materiais didácticos e recursos persoais axeitados, coordinación co mestre/a de apoio e orientadora do centro, avaliación do alumnado que inclúan a decisión sobre a conveniencia de retirada ou modificación dos apoios recibidos así como asesoramento e información ás familias sobre o proceso educativo dos seus fillos/as.

En relación ao profesorado con dispoñibilidade horaria, as súas tarefas relacionaranse coa docencia compartida para reforzo educativo ao alumnado adscrito ao Plan así como ao apoio a outros profesores/as en actividades lectivas que requiran a presenza de máis dun mestre na aula.

O equipo directivo coordinará a participación dos distintos sectores da comunidade escolar e procurar os medios precisos para a máis eficaz execución das súas respectivas competencias.

O/a orientador/a proporcionará criterios para a introdución dentro do Plan de medidas que axuden na atención á diversidade social e cultural do alumnado, facilitando a súa acollida, integración e participación, así como a continuidade do seu proceso educativo.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfase curricular ou as dificultades de aprendizaxe do alumnado, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Esta decisión só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a titoría legal, e terá, en todo caso, carácter excepcional.

Na proposta curricular dos diferentes niveis recóllese máis polo miúdo, cales son os criterios de promoción dos alumnos/as a cursos e etapas seguintes.

O deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso debe ter presente os seguinte criterios:

- Recollida toda a información relevante de cada un dos alumnos/as, que participan no plan, co fin de sistematizar o seu seguimento, tendo en conta o grao de adquisición dos obxectivos, competencias e aprendizaxes imprescindibles.
- Aplicación do Plan Individual da Mellora das Aprendizaxes, en función das necesidades que presente, non só académicas, senón tamén emocionais, sociais ou doutra índole. Sera preciso programar uns obxectivos prioritarios para cada alumno e unhas orientacións pedagóxicas adaptadas.

- Levar a cabo un seguimento das actuacións recollidas para cada alumno e a determinación e pertinencia de modificalas en base as necesidades.

Dito plan específico de reforzo debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación de necesidades educativas que dan lugar a permanencia un curso máis no nivel.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas recomendadas.
- e) Recursos precisos para aplicar o plan.
- f) Medidas de carácter extraordinarias que se levan ou se poden levar a cabo.
- g) Acreditación da información á familia.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

A programación didáctica de cada materia deberá recoller pormenorizadamente os criterios de avaliación e o peso de cada un na calificación do alumnado, ademais de recoller os diferentes instrumentos, ferramentas e técnicas da avaliación en función de cada etapa educativa.

En educación Infantil, e seguindo a Orde do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa

educativa, a avaliación será global, continua e formativa.

A valoración do proceso de aprendizaxe farase de xeito cualitativo tendo en conta os progresos efectuados polo alumnado

Na avaliación promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado. Nese sentido, a observación directa e sistemática constituirá a principal técnica do proceso de avaliación, sen prexuízo do posible emprego, xunto a esta técnica principal, doutras técnicas cun carácter accesorio como un diario, fichas persoais do alumnado, diálogos e conversas da asemblea e/ou a participación activa nas actividades.

Durante o curso longo do curso realizaranse unha sesión de avaliación inicial, como mínimo tres sesións de avaliación parcial e unha sesión de avaliación final.

En Educación Primaria, e seguindo a Orde de 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, de 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a

avaliación nesa etapa educativa, a avaliación do alumnado tamén será global, continua e formativa, e terá en conta o grao de desenvolvemento das competencias clave e o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.

Na avaliación promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado.

Debemos ter presente que, con independencia do seguimento realizado ao longo do curso, o equipo docente, coordinado pola titora ou polo titor do grupo, valorará, de forma colexiada, o progreso do alumnado nunha única sesión de avaliación que terá lugar ao finalizar o período lectivo do curso académico.

A avaliación do alumnado con nea tomará como referente os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe fixados con carácter xeral, establecendo, para o alumnado que o requira, a adaptación das condicións de realización da avaliación, de forma que se garanta a obtención da información referente á aprendizaxe. Cando o alumnado teña autorizada unha adaptación curricular, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe serán os establecidos na dita adaptación.

CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN

O equipo docente do grupo realizará unha sesión de avaliación inicial para analizar os datos e a información obtida durante as primeiras sesións lectivas do curso académico, así como outra información relevante da que se dispoña, coa finalidade de adecuar as ensinanzas de cada área ou ámbito ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe. Nesta sesión adoptaranse, de forma coordinada, aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno, así como as relativas ao axuste do desenvolvemento do currículo

Ao finalizar cada curso, levarase a cabo a avaliación final dos resultados acadados polo alumnado.

A valoración dos resultados consignarase nos documentos de avaliación.

Os docentes que imparten clase no curso deberán adoptar as medidas para que o cambio ao seguinte se leve a cabo coas garantías precisas de continuidade. As principais decisións, incluídas as de promoción e acordos adoptados,

serán recollidas nas actas das sesión de avaliación de final de curso.

Avaliación de diagnóstico en 4º de primaria.

No cuarto curso de educación primaria, todos os centros docentes realizarán unha avaliación censual de diagnóstico das competencias clave adquiridas polo seu alumnado, segundo se dispoña. Esta avaliación terá carácter informativo, formativo e orientador para os centros docentes, para o profesorado, para o alumnado e as súas familias ou persoas titoras legais, e para o conxunto da comunidade educativa.

De resultar desfavorable, o equipo docente adoptará as medidas ordinarias ou extraordinarias máis adecuadas. Ditas medidas reflectiranse en plans de reforzo e mellora de resultados colectivos ou individuais, que permitan solventar as dificultades, en colaboración coas familias. A ponderación que se lle outorga a cada un dos instrumentos de avaliación empregados nas Programación Didácticas á hora de obter a cualificación final do alumnado, reflectirase nas Programacións en función dos niveis e especialidade, segundo o seguinte cadro pero establecendo as porcentaxes establecidas polos Equipos de Nivel e especialistas, anualmente.

% DA CUALIFICACIÓN

- Probas escritas
- Probas orais
- Observación directa

PROMOCIÓN

Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de forma colexiada, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. A promoción no resto de cursos da etapa será automática. O alumnado que promocioe de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara no curso anterior. O alumnado que non promocioe permanecerá un ano máis no mesmo curso. Considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, decídese que é a medida máis adecuada. Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes. Esta decisión só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as familias. Para a elaboración de seguimento do plan específico de reforzo, ao que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade.

Ao finalizar os cursos segundo e cuarto da etapa o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna ou alumno, indicando no seu caso as medidas de reforzo que se deben contemplar no ciclo seguinte. Cada alumna ou alumno disporá ao finalizar a etapa dun informe elaborado polo profesorado titor sobre a súa evolución e o grao de adquisición das competencias desenvoltas. No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, o informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar.

CRITERIOS DE PROMOCIÓN

Cando a promoción non sexa automática, o alumnado promocionará ao curso ou etapa seguinte, sempre que se considere que ten superados os criterios de avaliación das diferentes áreas, cando lograse os obxectivos do curso ou etapa e teña acadado o grao de adquisición das competencias correspondentes. O alumnado que non superase os obxectivos do curso ou etapa ou que non acadase o grao de adquisición das competencias correspondentes, poderá repetir unha vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo, recuperación e apoio, que será organizado polo equipo docente correspondente. A decisión de non promoción, é unha medida excepcional e tomarase unha vez esgotadas o resto de medidas (reforzos, apoios), unha vez escoitada a opinión das familias.

O equipo docente decidirá sobre a promoción do alumnado, tendo especial consideración a opinión do/a titor/a. No caso de que o alumno promocioe con avaliación negativa nalgunha área, deberá establecerse un plan de actuación dirixido á mesma. Con carácter xeral, deberán permanecer un ano máis no curso se non acadan os obxectivos mínimos nas materias instrumentais en Matemáticas e Lingua (castelá ou galega) máis outra materia non instrumental ou en catro materias sendo unha instrumental.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

A Comisión de Coordinación Pedagóxica acorda non outorgar matrículas de honra.

l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

Os criterios xerais para elaborar das programacións didácticas da educación infantil e primaria fundaméntanse nos acordos tomados tendo en conta as nosas liñas xerais de actuación pedagóxica, os obxectivos propios para a mellora do rendemento escolar, a forma da atención á diversidade e a concreción dos elementos do currículo.

Estes criterios foron elaborados tendo en conta as aportacións do Claustro de Profesores e agrúpanse en diferentes aspectos, tal e como recollen os Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia:

a) Introducción.

b) Obxectivos da área e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave: Recolleranse os obxectivos xerais para cada una das áreas e a súa relación cos criterios de avaliación e as contribucións as competencias que perseguen. Os obxectivos adaptaranse e darán preferencia a paliar as necesidades detectadas. Aparecerán os obxectivos educativos do Plan de Centro, recollendo todo o acordado no Claustro e na CCP.

c) Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da área que se traballará, coa súa secuenciación e temporización.

d) Metodoloxía.

- Concrecións metodolóxicas.
- Materiais e recursos didácticos.

e) Avaliación.

- Procedemento para a avaliación inicial.

- Criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da área e criterios de recuperación.

f) Medidas de atención á diversidade.

g) Transversal.

- Concreción dos elementos transversais.
- Actividades complementarias.

h) Práctica docente.

- Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.

- Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

Os criterios para participar en proxectos e plans e programas consensuáronse no primeiro claustro de curso celebrado o día 1 de setembro, e atendendo ás necesidades dos docentes e discentes.

Para o curso escolar 2023/2024, participaremos nos seguintes:

- PLAN DIRECTOR. TIC/ Ciberseguridade/Acoso/Ciberacoso escolar.

Liñas de actuación PFPP:

- Primeiros auxilios.

- Comunicadores dinámicos. Linguaxe Natural Asistido

- Patios inclusivos

- Polos creativos

- PLAN DIXITAL, aprobado en xuño de 2022. Posta en marcha do Plan de Acción en setembro de 2022 e continuidade do Plan para o 23/24 en colaboración cos equipos Adix.

- CONTRATOS PROGRAMA: CPIInnova (edusaúde)/CPIInclúe (InclueT)

PLAN DE IGUALDADE

- Análise da situación do centro.
- Obxectivos coeducativos desenvolto a través do Plan.
- Promoción da igualdade de oportunidades de homes e mulleres.
- Prevención, detección e intervención en caso de violencia de xénero.
- Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.
- Prevención, detección e intervención en casos de LGTBI fobia.

PLAN DE DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA

Obxectivos xerais:

- Aproximar a lectura ao alumnado como unha actividade prazenteira e de lecer.
- Converter a biblioteca nun centro de recursos dinamizador da vida cultural do colexio.
- Facilitar a chegada ao centro e a integración no mesmo. (Alumnado, profesorado, familias).

PLAN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E HÁBITOS SAUDABLES: Integrado transversalmente nas diferentes áreas do currículo.

PLAN DE BENESTAR EMOCIONAL

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

O procedemento de seguimento do desenvolvemento da Concreción Curricular, será o seguinte:

- Avaliación procesual: avaliarase, como mínimo, unha vez ao trimestre, o desenvolvemento da mesma. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- Avaliación final os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos aspectos incluídos na Concreción Curricular e as propostas de mellora.

o) Outros apartados

1. Apartados

Non se engaden apartados adicionais.